



*vive en igualdade
vive sen violencia*

25 de novembro
Día da non violencia contra as mulleres

VIVE NA IGUALDADE VIVE SEN VIOLENCIA

25 DE NOVEMBRO DIA INTERNACIONAL PARA A ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A.- INTRODUCCIÓN

A violencia contra as mulleres foi unha constante ao longo da historia e, aínda que estamos nos albores do século XXI, segue a ser unha lacra que semella non ter fin. Tratamos de interpretala e de buscar solucións, mais non rematará esta violencia se antes non procuramos buscar a verdade desde a raíz, se non tratamos de desentrañar as verdadeiras razóns que a provocan. Sempre se penalizaron as agresións dos homes ás mulleres, porén, en lugar de seren interpretadas como manifestacións de problemas profundos, a sociedade patriarcal quixo interpretalas como casos illados e accións patolóxicas concretas dos maltratadores e non como un problema social de fondo. A violencia contra as mulleres preséntase de moi diferentes xeitos: unhas veces, de maneira subliminal, a través do control, prevalecendo a falta de respecto cara ás mulleres; outras, de maneira clara e obxectiva, dando lugar á violencia física, que en moitos casos significa a morte de moitas delas.

A análise das circunstancias débenos levar a interpretar que o elemento común das condutas violentas contra as mulleres está nos valores culturais e sociais. A diferenza sexual feminina sempre se converteu nunha fonte de desigualdades, de discriminacións e de subordinación das mulleres aos homes. Así se construíu a sociedade patriarcal, en base á súa posición de poder e á forma de facerse valer e de impor os seus criterios. Como consecuencia desta posición de desvantaxe e de subordinación, moitas mulleres non puideron saír da espiral de violencia na que estiveron envoltas.

Por todo isto, se queremos erradicar a violencia contra as mulleres:

- É necesario buscar outras formas de entender o masculino e o feminino.
- É necesario encontrar formas de convivencia nas que as mulleres e os homes vivan libres e nunha sociedade igualitaria.
- É necesario vivir en igualdade para vivir sen violencia.

Vive en Igualdade. Vive sen violencia.

Un ano máis queremos presentarvos unha serie de actividades para traballar nas aulas e intentar, pouco a pouco, ir erradicando a violencia de xénero. Sabemos que é difícil pero só se o tentamos o lograremos.

UNIFEN (Fondo de desenvolvemento das Nacións Unidas para a muller) di que “o maltrato ás mulleres é un andazo global”, por iso é necesario que loitemos con todas as nosas forzas para acabar con el e unha das mellores formas para facelo é a educación; só se educamos aos nosos alumnos e alumnas na igualdade, en solidariedade e tolerancia, conseguiremos terminar con esta lacra.

OBXECTIVOS:

- ❖ *Desenvolvoer e potenciar a tolerancia no noso alumnado.*
- ❖ *Descubrir a violencia como un problema social que nos afecta a todas e todos e contra o que debemos loitar para facelo desaparecer.*
- ❖ *Construír unha sociedade máis equitativa e xusta, onde as relacións entre homes e mulleres se baseen na igualdade.*
- ❖ *Promover unha educación non discriminatoria, non sexista e non violenta.*
- ❖ *Combater a linguaxe sexista e a degradación das mulleres.*
- ❖ *Aprender a expresar as emocións de forma adecuada, evitando os insultos, agresións, berros...*
- ❖ *Mostrar e visibilizar a gravidade da violencia de xénero dentro dos centros educativos.*
- ❖ *Descubrir as consecuencias que trae a desigualdade entre homes e mulleres.*
- ❖ *Identificar, visualizar e definir todas as formas de violencia que se exercen sobre as nenas e mulleres.*
- ❖ *Previr a violencia como medio para acabar con ela.*

CONTIDOS:

- *Formas de violencia.*
- *Os roles masculino e feminino.*
- *Repercusións da desigualdade na nosa sociedade.*
- *Violencia de xénero próxima e afastada a nós.*
- *Violencia e desigualdade.*
- *Linguaxe sexista.*
- *Violencia nos medios de comunicación.*



ACTIVIDADES:

Presentámosvos unha serie de actividades que se poden traballar con alumnado desde Educación Infantil até Bacharelato. Non están separadas por niveis xa que moitas delas pódense utilizar desde diferentes niveis educativos.

1.-TRABALLAR COAS ALUMNAS E COS ALUMNOS AS SEGUINTE DEFINICIÓNS:

Segundo a especialista Concha García Hernández:

Violencia de xénero: *“é a que se exerce sobre as mulleres polo feito de selo, e inclúe tanto os malos tratos da parella, como as agresións físicas ou sexuais de estraños, a mutilación xenital, infanticidios femininos, etc”. Susana Velázquez amplía a definición afirmando que “abarca todos os actos mediante os cales se discrimina, ignora, somete e subordina ás mulleres nos diferentes aspectos da súa existencia. É todo ataque material e simbólico que afecta á súa liberdade, dignidade, seguridade, intimidade e integridade moral e/ou física”.*

Tipos de violencia:

Física: *“é aquela que pode ser percibida obxectivoamente por outros, e que con frecuencia deixa pegadas externas. Refírese a empurróns, dentadas, patadas, puñadas, etc., causados ben coas mans, ben con algún obxecto ou arma. É a máis visíbel, e polo tanto facilita a toma de conciencia da vítima”.*

Psicolóxica: *“a violencia psíquica aparece inevitabelmente sempre que hai outro tipo de violencia. Supón ameazas, insultos, humillacións, desprezo para a propia muller, desvalorizando o seu traballo, as súas opinións,... Implica unha manipulación na que incluso a indiferenza ou o silencio provocan nela sentimentos de culpa e indefensión, incrementando o control e a dominación do agresor sobre a vítima”.*

Económica: *“é na que o agresor se esforza por controlar o acceso da vítima ao diñeiro, impedíndolle traballar de forma remunerada, obrigándolle a entregar os seus ingresos, facendo el uso exclusivo dos mesmos, etc.”*

Social: *“é na que o agresor limita os contactos sociais e familiares da súa parella, illándoa do seu entorno e limitando así un apoio social importantísimo nestes casos”.*

Sexual: *“na que o agresor tenta impor á vítima unha relación sexual por medio da forza, a coacción ou a indefensión”.*

A partir destas definicións propóñense as seguintes actividades:

- Facer unha reflexión en pequenos grupos sobre a información que lles aportamos. Tentar que eles e elas tiren as súas propias conclusións.
- Facer unha posta en común en gran grupo sobre o traballado.
- Elaborar e escribir as conclusións ás que chegaron.

2.- GRAVACIÓN DE VÍDEO:

Podemos gravar en vídeo ao noso alumnado en diversos momentos: no patio, durante as entradas e saídas, nos xogos, na clase de educación física, nos corredores,... O obxectivo é observar que en todos eses momentos danse situacións de agresión en diversos tipos e graos. Visualizaremos o vídeo co alumnado e reflexionaremos sobre o que vimos, buscando formas pacíficas e non discriminatorias de resolución de conflitos. Trátase de facerlles ver que o diálogo é a mellor forma de resolver as diferenzas.

3.- FACER UN MARCAPÁXINAS CUN SLOGAN E UN DEBUXO QUE FAGAN REFERENCIA A COMO VEN OS ALUMNOS/AS A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

4.- ACTIVIDADE PLÁSTICA

Facer tarxetas tamaño cuartilla. En cada unha delas pegaremos a noticia relativa a cada *muller asasinada por violencia de xénero durante este ano*. Podémoslas unir con argolas para *facermos unha cadea e colgala das paredes da entrada do noso centro*. Hai que facer reflexionar a nenos e nenas sobre a cantidade de mulleres mortas e o problema social que isto comporta, así como tamén facerlles ver que o caso dos asasinatos de mulleres é só o máis dramático sobre violencia de xénero, pero que se fixésemos a cadea con todas as mulleres que son agredidas sexual, física, psicolóxicamente..., non poderíamos colgala nas paredes do centro, pois sería longa demais, (*no anexo podedes atopar a listaxe de todas as mulleres mortas no que vai de ano*).

5.- ANÁLISE CRÍTICA DE CONTOS

Case todos os contos clásicos (Cincenta, Brancaneves, Carapuchiña Vermella, os Sete Cabritiños,...) *amosan unha imaxe da muller moi estereotipada*: totalmente submisa e dependente do home e da súa familia. Todas as nenas/mulleres son:

- Bonitas.
- Indefensas.
- Coidadoras e serventas dos demais.
- Esperan casar e coidar dos fillos/as.
- As que non son guapas nin indefensas adoitan ser bruxas e malvadas.



Analizaremos os contos co alumnado e inventaremos un novo conto no que as mulleres non estean discriminadas e fagan as mesmas cousas que os homes, como medio para lograrmos a igualdade e a non violencia entre homes e mulleres.


6.- BUSCAR EN INTERNET NOTICIAS SOBRE VIOLENCIA DE XÉNERO:

- Que atopamos?
- Hai moitas noticias?
- Quen son as vítimas?
- Hai moitas mulleres mortas por violencia?
- Que conclusións podemos tirar?
- Outras cuestións que poidades propoñer

6.- LER O CONTO: "EL MONSTRUO"¹.

O conto fala da violencia cara a nenos e mulleres por parte do pai/home. Tentaremos enfocalo sobre o que supón a violencia exercida sobre as mulleres e sobre os fillos/as que, á súa vez, é outra forma máis de violencia contra a muller.

- Contaremos o conto.
- Analizaremos os personaxes.
- Quen é o "Monstro"?
- Coñeces algún monstro ti?
- Que podemos facer para acabar con estes monstros?
- Gústache o final do conto?
- Debuxa o que o conto che suxire.



8.- ANALIZAR ESTA TÁBOA DE DATOS:

	FEMICIDIOS. TOTAL		FEMICIDIOS EN ÁMBITO FAMILIAR		FEMICIDIOS COMETIDOS POR PARELLA OU EXPARELLA	
	Incidencia	Prevalencia(*)	Incidencia	Prevalencia(*)	Incidencia	Prevalencia(**)
Alemaña	437	10,42	224	5,34	128	3,58
Austria	49	11,78	44	10,58		
Bélxica	75	14,46	55	10,61		
Bulgaria	42	9,94				
Dinamarca	32	11,96	21	7,85	12	5,42
España	193	9,42	67	3,27	43	2,44
Estonia	35	47,3				
Finlandia	43	16,21	26	9,8	19	8,65
Holanda	70	8,79	17	2,13	12	1,83
Irlanda	12	6,39	6	3,19	3	2,01
Islandia	2	14,29	0	0	0	0
Italia	186	6,31				
Luxemburgo	1	4,57	1	4,57	1	5,56
Noruega	23	10,21	20	8,88	12	6,58
Polonia	217	10,89	33	1,66	30	1,85
Portugal	51	9,95	26	5,07		
Reino Unido	267	8,92	179	5,98	107	4,36
Romanía	351	30,87	147	12,93	119	12,62
Suecia	31	6,9	21	4,68	17	4,59

¹ TRIGO, Ramón y MARTÍN, Daniel. *El monstruo*. Ed. Lóguez. Salamanca, 2008.



Suíza	81	21,69				
-------	----	-------	--	--	--	--

(*) Número de femicidios por millón de mulleres

(**) Número de femicidios por millón de mulleres maiores de 14 anos

Nota: datos relativos ao ano 2000

- Buscar o significado da palabra femicidio.
- Buscar o país que máis femicidios ten. E o que menos.
- En que posto se encontra España?
- Tirar conclusións
- Propostas para acabar coa violencia de xénero.

9.- ALGUNHAS SENTENZAS ESCANDALOSAS

Hai ocasións en que as mulleres son dobremente agredidas. Primeiro sono pola súa parella, pola súa familia, polos seus compañeiros de traballo, ou polos seus xefes..., e logo volven ser agredidas cando denuncian e os xuíces e xuízas ditan sentenzas como estas: *VI Informe de Sentenzas Benévolas a Maltratadores (www.redfeminista.org)*

Algunhas das sentenzas máis relevantes:

- **Denéganlle a orde de protección e de garda e custodia do fillo porque lle deu un ataque de pánico ante o forense:**

Unha muller embarazada sofre unha crise de ansiedade ao ser examinada polo forense. Ese motivo é suficiente para a denegación da orde de protección e a atribución da garda e custodia provisional do fillo común de tres anos ao denunciado. Dubídase da capacidade da nai para coidalo e entrégaselle ao pai denunciado. O agresor, amparado nisto, pediu a garda e custodia definitiva do neno de 3 anos e do que vai nacer.

- **Absolven ao maltratador porque a querela ten moitos folios e moitas testemuñas e por cometelo "só no ámbito familiar":**

Na Sentenza núm. 256/2004, de 19 de xullo de 2004, o Maxistrado do Xulgado do Penal nº 16 de Madrid, pronuncia un fallo de ABSOLUCIÓN dos delitos de maltrato familiar e injurias, nunha Sentenza na que, ademais de *referirse continuamente á adicción, depresión e abuso de alcohol do acusado* como causa dos feitos, di que *só existe o testemuño da esposa, dos fillos do matrimonio e do sogro do acusado, como persoas que puideran testemuñar o delito de maltrato familiar*".

Nos fundamentos xurídicos da Sentenza, dise textualmente que *"abonda con realizar unha lectura detida da querela para mostrar a estrañeza que supón o considerar necesarios tantos folios para poder explicar unha conduta denigrante e vexatoria do acusado a respecto da súa esposa, que pode ser considerada constitutiva dun delito de violencia doméstica. Esa mesma estrañeza prodúcese ao observar todos os testemuños propostos"*.

O xuíz prosegue coa súa argumentación dicindo que: *"Como diría un insigne penalista, bastan dúas ou tres liñas para mostrar a certeza da existencia dun delito. Se son necesarios tantos folios, tantos testemuños, para levar a un Tribunal á certeza da comisión dun feito delituoso, é porque non*

existe base para iso, e se lle tentan buscar tres pés ao gato. Algo así pode dicirse do presente procedemento".

O xuíz segue argumentando que ao non exceder o entorno familiar, os feitos do maltratador non puideron causar menoscabo psíquico. Por último sinala o maxistrado que, ademais, a actuación do imputado, querendo reconciliarse coa muller incluso mediante viaxes, aconsellan que o Dereito Penal non interveña.

- **Rebaixa de 17 a 15 anos por "reparación do dano" tras estrangulala e despedazala:**

Madrid. Trátase dun empresario madrileño que contratou, como facía asiduamente, a unha muller prostituta de 22 anos no parque. Levouna ao seu domicilio e no seu cuarto, de súpeto, colleuna polo pescozo batendo no seu rostro até matala. Logo despezouna e tirou o cadáver ao colector do lixo. El alegou que é moi tranquilo e que non sabe o que lle pasou. Rebáixanlle a condena 2 anos por "*reparación do dano*" ao ingresar a indemnización para os herdeiros da vítima.

- **Un xuíz antepón o dereito laboral dun maltratador ao "afastamento" da súa vítima:**

Sevilla. Condenáraselle a 1 ano e 11 meses de prisión por maltrato habitual, psicolóxico e ameazas. El quebrantara varias ordes de afastamento, mais agora un xuíz di que prevalece o dereito ao traballo do agresor, "*á tranquilidade e liberdade deambulatoria da vítima*".

As sentenzas falan por si mesmas dada a súa claridade meridiana. Podemos:

+Comentalas en pequeno grupo.

+Tirar conclusións en gran grupo.

+Que podemos mudar destas sentenzas?

+Escribir/debuxar/facer unha obra plástica co que suxiren estas sentenzas.

10.- A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES NO MUNDO.


A violencia contra as mulleres é unha lacra social que se produce en todos os países do mundo e entre todas as clases sociais; para facérllelo ver aos nosos/as alumnos e alumnas traballaremos con estes testemuños de mulleres que sufriron a violencia machista.

Testemuños de mulleres vítimas da violencia de xénero

*Faduma Abdi Ibrahim*² descríbese a si mesma como unha zombi ambulante. No 1994 foi secuestrada na súa casa de Somalia por unha banda de 28 bandidos que a violaron por quendas durante meses.

"Cada día e cada noite rezaba para morrer", lembrou.

Os bandidos, que pertencían a unha das milicias responsábeis da actual guerra civil en Somalia, disparáronlle



² IPS, 15 agosto 1999 por Judith Achieng'

no brazo dereito e logo abandonárona, coidando que estaba morta.

Ibrahim, que agora vive no campo de refuxiados de Kakuma, en Kenia, dixo que se ben algunhas boas samaritanas salvárona da morte, persoalmente non ten ningún motivo para vivir. "Apoderáronse da miña vida e da miña dignidade", expresou.

Mulleres de Etiopía expresaron preocupación sobre a crecente violencia cultural a través de prematuros matrimonios forzados. Nalgunhas comunidades etíopes, moitas nenas son casadas á idade de seis anos.

Unha adolescente keniana contou como un ministro do goberno a violou cando tiña 13 anos. A moza, agora de 16, tivo que deixar a escola cando se decatou de que estaba preñada. "L. (o ministro) ameazoume e díxome que non falara. Dixo que non había maneira de que unha rapariga pobre coma min o puidese prexudicar, pois el estaba sempre co presidente ", relatou ao tribunal.

Sonia³, unha rapaza española, tiña 17 anos cando sufriu unha experiencia que a marcou para toda a vida. Saían en cuadrilla con outros rapaces e rapazas do barrio e un día apareceu un rapaz novo que era veciño do seu amigo Serxio. Este rapaz procedía dunha familia desfavorecida, o seu pai era alcohólico e un irmán maior estaba en prisión por roubar nunha gasolinera (era toxicómano). Este rapaz fíxose en poucos días o líder do grupo: era o máis divertido e chistoso, gustáballes moito a todas as rapazas do instituto e a súa labia tiñaos a todos engaiolados. Pasados uns meses Sonia e máis el comezaron a saír como parella. A Sonia non lle parecía nada serio dado que o coñecía e sabía que ía de flor en flor, pero a ela gustáballe e pasaban bos momentos xuntos. Os problemas comezaron cando un día lle dixo que no se puxese saias curtas nin tops, que a quería só para el e que os demais se buscasen a outra".

A Sonia pareceulle excesivo dado o incipiente da relación, mais pouco a pouco foi cohibíndose á hora de vestir, ata o punto de que as súas amigas se rían dela por facerlle caso. Comezaron a aflorar os puntos máis negativos do rapaz, todo resultou unha carauta e detrás había unha persoa agresiva e conflitiva. Calquera que miraba a Sonia ou mesmo que a saudaba era suficiente motivo para se enlear nunha rifa ou discutir con ameazas e insultos. As amigas comezaron a separarse dela polo medo que lle tiñan a el e víanse ou falaban con Sonia ás agachadas. El sabía que as amigas podían ser as causantes de que Sonia reaccionase.

O aspecto físico de Sonia foise deteriorando, tiña olleiras e o desacougo facíalle comer pouco e por veces vomitar. Choraba polas noites porque non sabía que facer e o medo tiña paralizada. Un día, trala presión de súa nai, decidiuse a contarlle o que sucedía e desde aquela todo se resolveu. Os seus pais e ela foron xuntos denunciar o rapaz e o seu pai falou con el; nunca máis a volveu molestar. Romperon definitivamente, ela marchou todo o verán para a casa duns primos e, ao volver, o rapaz desaparecera. Os amigos díxéronlle que se fora traballar ás illas. Tivo sorte.

Charlotte Fedders⁴, de Estados Unidos, tiña todo aparentemente: casada cun próspero e bo mozo avogado, nai de cinco fillos saudábeis, casa con cinco dormitorios, socia dun exclusivo clube, etc. Mais detrás desa fachada escondíase algo horrible: o abuso físico e emocional ao que o seu esposo a sometía a ela e aos seus fillos. Durante 17 anos aguantou en silencio.

³ *Terra mujer*, Vicenta Sanz Herrero. Psicóloga clínica.

⁴ Tomado do folleto "*Cuando el hogar está herido*"

Finalmente, Charlotte armouse de forzas para abandonar ao seu abusivo marido, e agora é unha campioa na defensa de mulleres maltratadas. Publicou un libro titulado "Shattered Dreams" e testemuñou perante o Congreso. Ten como metas elevar a conciencia sobre o problema e obter reformas legislativas na área da violencia doméstica. Di: "Quero axudar a que comprendan que ningunha persoa ten dereito de aterrorizar a outra".

"Ao principio era mozo... el era un bo tipo. Considerábame bonita, intelixente e digna de ser amada.

"Logo viñeron as palabras ameazadoras... Facíame sentir fea, bruta, indigna do amor de Deus e dos humanos. Comecei a chorar todas as noites".

"Máis tarde chegaron os golpes... El dicíame que os merecía... Pensei que quizás el tería razón... Eu lembraba que prometera ser a súa esposa para sempre.

"Finalmente abrín os ollos e cheguei a liberación. O problema non era meu, senón del. Unha mañá de primavera decidínme a comezar a miña vida de novo, soa. Deixei e falei. Propúxenme que nunca máis viviría ese tipo de violencia e así foi".

11.- VIVE A IGUALDADE. VIVE SEN VIOLENCIA.

Traballar o noso lema, analizando todo o que quere dicir e todo o que significa.

Pensar que podemos facer nós: na nosa casa, na nosa clase, no centro, cos amigos e amigas..., para que esta frase se faga realidade nas nosas vidas.

Facer una obra plástica en gran grupo que reflecta o que o slogan significa.

12.- A LISTA PARA ELIMINAR A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Escribir cos/coas alumnos/as unha lista de accións concretas e realizábeis que podemos levar a cabo para terminar con esta lacra social. Tentaremos que sexan accións próximas a eles e posibles de realizar por todos e todas.



13.- O QUE ANA VE

Escoitar a canción de Revolver: "Lo que ana ve". Podemos pedir aos alumnos e alumnas que debuxen o que lles suxire o escriban que sentimentos lles provoca:

*Ana tiene un mensaje pintado de azul en el ojo derecho
Ana tiene un mal día grabado en los labios partidos por cierto
Ana tiene un secreto que no sabe nadie aunque no es un secreto
Y un día cualquiera es el último día, y un día de estos.*

*Ana cree que el mundo es enorme pero no lo bastante
A Ana le engañan diciendo si te vas no tardaré en encontrarte
Ana no tiene claro partir de cuando todo se volvió negro
Pero él dijo un día antes muerta que viva, con otro ni en sueños
O cuando escupía diciendo tu vida será puro miedo*

*Abrir las alas y volar dejarlo todo sin hacer
y largarse pronto con lo puesto
Quién quiere ver lo que Ana ve una noche otra también
La vida es bella pero quién quiere ver lo que Ana ve*

*Y dónde puedes ir cuando tú sabes bien que irá por ti
Como vas a gritar si sabes que nadie te escuchará
Todos dirán vaya exageración no será tanto no
Mientras esculpe a golpe de puño su nombre en tus huesos
Mientras te tapa la boca y te aplasta un cigarro en el pecho*

*Abrir las alas y volar dejarlo todo sin hacer
y largarse pronto con lo puesto
Quién quiere ver lo que Ana ve una noche otra también
La vida es bella pero quién quiere ver lo que Ana ve*

*Abrir las alas y volar dejarlo todo sin hacer
y largarse pronto con lo puesto
Quién quiere ver lo que Ana ve una noche otra también
La vida es bella pero quién quiere ver lo que Ana ve*

*Recuerda que dijo antes muerta que viva
Con otro ni en sueños
O cuando escupía a golpe puño
Su nombre en tus huesos*

*Abrir los brazos y volar dejarlo todo sin hacer
Y largarse pronto con lo puesto*

*Quién quiere ver lo que Ana ve, una noche otra también
La vida es bella pero quién quiere ver lo que Ana ve*

*Abrir las alas y volar dejarlo todo sin hacer
y largarse pronto con lo puesto
Quién quiere ver lo que Ana ve una noche otra también
La vida es bella pero quién quiere ver lo que Ana ve.*

14.- SON VERDADE ESTES TÓPICOS?

Le e observa estes “mitos” que moitas veces escoitamos:

- A muller é inferior ao home.
- O home é o cabeza de familia e ten total autoridade.
- A muller pertence ao marido e débelle obediencia.
- A muller debe servir ao seu home.
- A muller ten que estar na casa cuidando do home.
- Se o seu marido lle pegou algo faría.

Comentalos co noso alumnado para ver se coidan que isto é certo, se sucede na súa casa, entre os/as seus amigos e amigas...

14.- UN POUCO DE HISTORIA

Moitas veces a violencia contra as mulleres estivo, e está, avalada e xustificada desde as institucións, as leis e algúns homes que cos seus escritos tentan demostrar que eles son superiores e deben dominar ás mulleres. Aquí temos algúns exemplos que nos poden servir para traballar na aula.

*Gerda Lerner explica que, xa, no século XIV a.C., **as leis asirias** estipulaban que a muller era un ben do varón, fora pai ou home, ata tal punto que a violación considerábase un delito grave contra a propiedade do home, a quen pertencía legalmente a vítima da agresión. Se esta estaba casada, condenábase a morte ao violador, por apropiación indebida dun ben alleo, quedando impune a muller sempre que puidese demostrar que defendera con adecuado empeño a propiedade do seu home.

***O Código Napoleónico** de 1804 restituía a plena autoridade do home sobre a súa esposa: é *“o xuíz e soberano absoluto do honor da familia”*. A cambio de protección por parte do seu home, a muller débelle obediencia e fidelidade absolutas. Obviamente o chamado débito conxugal forma parte das súas obrigas e, se resulta necesario, o home ten dereito a exercer a forza para conseguilo. O adulterio cometido pola esposa está castigado máis duramente porque ten efectos máis perigosos que a infidelidade do home, xa que pode introducir unha descendencia ilexítima na familia.

***Nalgúns países islámicos** esíxeselle á muller que foi violada que presente un mínimo de 5 testemuñas, homes por suposto, para que a súa denuncia se admita a trámite

Nos **Códigos Penais** de países como Etiopía (artigos 558 y 599), Romanía (197), Honduras (151), Guatemala (200), Uruguai (116)..., continúaase eximindo ao violador da súa culpa se casa coa súa vítima. Aínda hai que dicir que en España existiu a mesma posibilidade até a reforma do Código Penal de 1989.

* “Se unha muller se dirixe irrespectuosamente a un home, esmagaráselle a boca cun ladrillo incandescente” Edicto de Urukagina, **Mesopotamia**, 2350 a.C.)

*-“A esposa non ten dereito algún sobre o seu corpo; ao casar, entrega ese dereito ao seu home, e este é o único que pode facer uso dese dereito, en orde á función reprodutora” (**Padre Santiago Navarro**, *Problemas médico-morales* 1963).

15.- PROCURA EN INTERNET

Busca en *YouTube* algúns vídeos e cancións que tratan sobre a violencia de xénero e que nos van servir para traballar este tema co noso alumnado; os títulos son:

- *Violencia de género,*
- *Aire y humo, rap*
- *Mujer , Orishas*
- *Jugando a papás y a mamás*

16.- REFRANEIRO GALEGO

Refrán: frase curta de forma fixa, polo xeral en imaxe, coa que se expresa un pensamento popular baseado na experiencia (RAG)

A violencia contra as mulleres estivo lexitimada socialmente ao longo de toda a historia. Só moi recentemente a sociedade na que vivimos empezou a condenala e perseguila, pero a evidencia demóstranos que vai ser unha tarefa moi lenta e penosa conseguir erradicala. Isto é debido a que a violencia simbólica contra as mulleres está presente na nosa vida cotiá en multitude de ámbitos e situacións, amparadas en prácticas culturais que non se revisan nin contestan. Se tés a impresión de que a violencia contra as mulleres é un mal recente da nosa sociedade, se “non te explicas” como pode pasar o que pasa, le os seguintes refráns do refraneiro galego e contesta ás preguntas que se formulan:

Á muller e á mula, vara dura

Á muller que ruín sexa, dúas tundas: unha para que Deus vaia vela, outra para que a ver a Deus vaia ela.

Á muller e á sardiña, tórcelle o pescozo e verás como queda mansiña

Á muller festeira, créballe a perna

Ás mulleres, ou matalas ou deixalas

Fixéraas quen quixer; págueas a miña muller

Á burra e á muller, a paus hainas que tanxer

Dor de muller morta, dura até a porta

Muller morta, sete á porta

O que ten unha muller boa e a perde, non sabe o que gaña

Muller morta, non fala

Por San Andrés, quen non ten porcos, mata á muller

Á muller casada e honrada, a perna crebada para que non saia da casa.

Á muller e ao can, o pau nunha mau, e noutra o pan

Todos estes refráns lexitiman activamente a violencia contra as mulleres. Analiza cada un deles valorando que mensaxes transmiten sobre as “razóns” para maltratar a unha muller, e comenta tamén a mensaxe que se envía de “como debe ser unha muller”, e que “faltas” do seu carácter xustifican o maltrato. Valorade en cales se fala da muller como “esposa” e como afecta isto á interpretación do refrán.

Analiza no último dos refráns anteriores o papel que xoga a dependencia económica das mulleres e o poder que lle dá aos homes sobre elas. Comenta desde a mesma perspectiva os dous seguintes.

Muller casada...? Burra e amolada

Muller casada? Amolada e mal pagada

O refráns que veñen agora son moi recorrentes en moitas culturas, nas que se condena o feito de que as mulleres falen entre elas, ou en público, e que cuestionan a autoridade das cousas ditas por mulleres. Analiza as vantaxes que supón para o patriarcado o silencio das mulleres, ao provocar illamento, perda de autoridade, dificultades para desenvolver un criterio propio,... Comentade se aínda hoxe en día as mulleres teñen máis dificultades para falar en público ca os homes, como parte da pegada deixada por esta reiterada prohibición machista.

Por ben que fale a muller... calada está mellor!

A muller caseira e non paroleira

Ao neno e á muller dille só o que che conviñer

Muller que moito fala, ao mellor desbarra

Val máis unha muller guisando que cen latricando

Se o segredo é de muller, segredo deixa de ser

Muller lareteira, para quen barata a queira

O primeiro inimigo do home é a lingua da muller

A continuación tes máis refráns galegos que insultan, ridiculizan, censuran ou desvalorizan ás mulleres. Busca máis na Rede e encádraos todos eles nalgunhas das seguintes categorías, segundo sexa a idea que transmitan:

- *Que induzan ao silencio, a calar ás mulleres, a que non se relacionen entre si.*
- *Que reflectan a desconfianza que todos os homes deben de sentir cara a todas as mulleres en xeral ou algún tipo en particular. Que “características” das mulleres son as máis recorrentes no refraneiro?*
- *Que cuestionen a “suposta” subordinación da muller ao home, representándoas como as que realmente teñen o poder, ou como “manipuladoras” de pobres homes inxenuos.*
- *Que sexan a orixe de todas as desgrazas dos homes.*
- *Que responsabilicen ás mulleres das condutas dos seus homes.*
- *Que reflectan que a maior desgraza que lle pode pasar a unha muller é non ter home ou pretendente.*



- Que reflectan que as mulleres existen para ser “usadas” polos homes.
- Que sitúen á muller no mesmo nivel que moitos animais.
- Que indiquen o que pode ou non pode facer unha muller, onde pode ou non estar... Que limiten ás mulleres indicándolles “o seu sitio”.
- Que describan ás mulleres como “falsas”, especialmente cando se queixan.

*A muller e a besta a ninguén se empresta
Mulleres e mulas, haiche poucas sen zunas
A muller só manda na cociña
O home na praza e a muller na casa
As pallas ao paleiro e as mulleres ao fregadeiro
A boa muller, de tarde en tarde na rúa déixase ver
Muller que asubía ou fía de pé, nunca boa é
A pera e a muller, a que cala boa é
A muller e a sartén, na cociña están ben
Muller ventaneira, ou puta ou paroleira
A viúva honrada ten a súa porta pechada
Ao demo e á muller, nunca lles falta que facer
O home propón, Deus dispón, e a muller todo o descompón
Bendita sexa a porta pola que sae a filla, casada ou morta
Ao marido temelo, querelo e obedecelo
Entre marido e muller, ninguén se debe meter*

17. REFRANEIRO CASTELÁN

Refrán: Dicho agudo y sentencioso de uso común (RAE)

A violencia contra as mulleres estivo lexitimada socialmente ao longo de toda a historia. Só moi recentemente a sociedade na que vivimos empezou a condenala e perseguila, pero a evidencia demóstranos que vai ser unha tarefa moi lenta e penosa conseguir erradicala. Isto é debido a que a violencia simbólica contra as mulleres está presente na nosa vida cotiá en multitude de ámbitos e situacións, amparadas en prácticas culturais que non se revisan nin contestan. Se téis a impresión de que a violencia contra as mulleres é un mal recente da nosa sociedade, se “non te explicas” como pode pasar o que pasa, le os seguintes refráns do refraneiro galego e contesta ás preguntas que se formulan:

*Si quieres matar a tu mujer, dale sardinas por San Miguel.
¿En que se parecen la mula y la mujer? En que una buena paliza las hace obedecer.
Al mal caballo, espuela; a la mala mujer, palo que le duela
Dolor de mujer muerta, dura hasta la puerta.
La mujer en casa y con la pata quebrada.*

Entre marido y mujer nadie se debe meter

La nuez y la mujer, a golpes se han de vencer.

Con la mujer, ojo alerta, mientras no la vieras muerta.

Más vale mujer triste que marido que embiste.

De todos estes refráns, cal consideras que xustifica ese “ollar para outro lado” perante a violencia de xénero? Busca outros que coloquen directamente a responsabilidade de ser maltratada na muller, como reflicte o “algo faría” que aínda se pode escoitar en múltiples versións na rúa, nos bares, na televisión...

A continuación tés máis refráns casteláns que insultan, ridiculizan, censuran ou desvalorizan ás mulleres. Busca máis na Rede e encádraos todos eles nalgunhas das seguintes categorías, segundo sexa a idea que transmitan:

- Que induzan ao silencio, a calar ás mulleres, a que non se relacionen entre si.
- Que reflictan a desconfianza que todos os homes deben de sentir cara a todas as mulleres en xeral ou algún tipo en particular. Que “características” das mulleres son as máis recorrentes no refraneiro?
- Que cuestionen a “suposta” subordinación da muller ao home, representándoas como as que realmente teñen o poder, ou como “manipuladoras” de pobres homes inxenuos.
- Que sexan a orixe de todas as desgrazas dos homes.
- Que responsabilicen ás mulleres das condutas dos seus homes.
- Que reflictan que a maior desgraza que lle pode pasar a unha muller é non ter home ou pretendente.
- Que reflictan que as mulleres existen para ser “usadas” polos homes.
- Que sitúen á muller no mesmo nivel que moitos animais.
- Que indiquen o que pode ou non pode facer unha muller, onde pode ou non estar... Que limiten ás mulleres indicándolles “o seu sitio”.
- Que describan ás mulleres como “falsas”, especialmente cando se queixan.

A la mujer ventanera, tuércele el cuello si la quieres buena.

A la mujer y a la guitarra hay que templarla para usarla.

A la mujer y al ladrón, quitarles la ocasión.

Al diablo y a la mujer, nunca les falta que hacer.

Al hombre casado, su mujer lo hace bueno o malo.

Bien parece y bien están el asno en la cuadra y la mujer en el hogar.

Casa donde manda la mujer, no vale un alfiler. Pero las hay por doquier.

Cojera de perro y lágrimas de mujer, no son de creer.

De abril y de la mujer, todo lo malo hay que temer.

De la mala mujer no te guíes y de la buena no te fíes.

Donde mujer no hay, el diablo la trae.

Donde reina la mujer, el diablo es primer ministro.

El caballo la pistola y la mujer nunca se prestan

*El hombre en la plaza, y la mujer en casa.
El hombre gana la plata, la mujer la desbarata.
El hombre lo pide, y la mujer decide.
El hombre reina y la mujer gobierna
El juego, la mujer y el vino, sacan al hombre de tino.
Entre el si y el no de una mujer, no cabe ni la cabeza de un alfiler
Entre la mujer y el gato, ni a cual irle de más ingrato
Huerta sin agua y mujer sin amor, no sé que será peor.
Huye del mulo por detrás, del perro por delante, y de la mujer por todas partes.
Joven ventanera, mala mujer casera.
Lo que la mujer no logra hablando, lo logra llorando.
Los tres enemigos del hombre: suegra, cuñada y mujer.
Mientras novia, reina; cuando mujer, sierva
Mujer sin varón, ojal sin botón
No busques a la vez fortuna y mujer.
Una buena cabra, una buena mula y una buena mujer, son muy malas bestias las tres*


Pensa en situacións da vida diaria nas que, sen necesidade de recorrer ao refraneiro, transmitimos ou referimos algunhas das ideas que reflicten estes refráns. Reflexiona sobre outras maneiras moito máis subtís de dicir as mesmas mensaxes. Anotádeas ao longo de todo o curso nun panel, a medida que vos vaiades atopando con elas; podedes denominalo “museo dos horrores”.

18. ELAS DENUNCIARON

Escoitade esta canción de *Def con Dos* e contrastádeas coas mensaxes de outras cancións, que en vez de denunciaren a violencia contra as mulleres, ensinan que por “amor” aguántase case todo.

Ellas Denunciaron. Def con Dos.

*¿Y cuántas mujeres al año?
¿Y cuántas mujeres?
¿Y cuántas mujeres al año, saben que tienen sus días contados?
Ella no recuerda porque aunque quiera
no puede acordarse
del error cometido al fiarse
de aquel tipo mezquino y cobarde
marido, verdugo
su peor pesadilla
ella está muerta y él en la calle,
¡La maté porque era mía!
'Mía, mía, mía, sólo mía'
¿Quién ha ofendido al macho dominante?
¿Quién se ha atrevido a denunciarle?*



*Destapando el secreto
de la otra cara de un vecino correcto,
¿Quién acusa al cazurro cobarde
que pega a su mujer y le dice que calle?
'Ya se lo advertí entre puñetazos:
si me denuncias te mato'
País de mierda, país infame,
que ataquen a mujeres no le importa a nadie
las torturas y las amenazas.
Según los jueces son cosas de casa,
no sirve de nada pedir ayuda
no existe delito si no se consuma,
sólo cuando ya están muertas
ven que las amenazas eran ciertas
¿Y cuántas mujeres al año?
¿Y cuántas mujeres?
¿Y cuántas mujeres al año, saben que tienen sus días contados?
'Mía, mía, mía, sólo mía'
Ellas no recuerdan lo que les pasó
ni por qué les pasaba
porque ya están muertas y ningún cadáver
puede, aunque quiera, acordarse de nada
y no se lamentan de lo que pasó
ni por lo que pasaron, porque los muertos
no emiten lamentos y en vez de gritar
les toca callarse y se callan
Ellas denunciaron, no las escucharon
Ellas murieron, los jueces consintieron
¿Y cuántas mujeres al año?
¿Y cuántas mujeres?
¿Y cuántas mujeres al año, saben que tienen sus días contados?*

19. - MATEINA PORQUE ERA MIÑA

Escoita esta canción de *Platero y Tú* e analiza a mensaxe que envía a respecto de que mulleres está xustificando matar, ou os motivos polos que se mata ás mulleres. ¿Que lle dirías a alguén a quen lle guste esta canción? Debatete na clase sobre a liberdade de expresión, a apoloxía da violencia e distintas estratexias para que cancións como esta obteñan un total rexeitamento social.

La Maté Porque Era Mía. Platero y tú.

*Me ha cogido la madera, a mi novia yo he matado
no saquen fotografías, tengo el cuerpo ensangrentado.
Yo era un chico muy decente, ella era una prostituta
ya no usará la cama, ahora duerme en una tumba.
Me han llevado al calabozo y me han dado unas hostias
me han dejado el cuerpo roto, mi cerebro no funciona
y ahora mismo nada entiendo, solo veo periodistas
que me dan algún dinero por salir en sus revistas.
Vaya jeta, vaya jeta, mucho morro, mucho morro
yo no quiero tu portada, periodista escandaloso
no quiero que con su sangre puedas escribir mentiras
la maté porque la amaba, la maté porque era mía.*



20. - ESTUDO SOBRE A MENTALIDADE DOS/DAS ADOLESCENTES

Le a seguinte noticia sobre o estudo realizado arredor das actitudes e crenzas dun grupo de adolescentes determinado, e deseña e realiza outro semellante entre o alumnado do teu centro. Podedes traballar en grupos de maneira que se abarquen todos os niveis educativos, para observar se existen diferenzas significativas por idades. Ademais das preguntas que se realizaron no traballo do que se fala nesta reseña xornalística, valorade a conveniencia de incluír outras. Solicitade a axuda do departamento de matemáticas para realizar a enquisa e analizar os resultados. Demandade do equipo docente do centro medidas que se impliquen na erradicación de tendencias sexistas no alumnado, a partir dos resultados obtidos nas enquisas.

Un estudo detecta tendencias sexistas nos adolescentes

www.diariodecadiz.es

luns, 13 de outubro de 2008

Coñecer as actitudes cara a violencia de xénero e as crenzas que as sustentan nos adolescentes de Chiclana é o principal obxectivo do traballo práctico dun dos grupos de alumnas do curso de Promotoras de Igualdade organizado pola Delegación da Muller.

Para isto, Yolanda de la Torre, Carmen Aragón, Verónica Benítez e Miriam Guerrero elaboraron un cuestionario que completaron 133 alumnos e 131 alumnas de cuarto curso de Secundaria e primeiro de Bacharelato, con idades comprendidas entre os 14 e os 19 anos, de varios institutos locais, de forma completamente anónima. Un traballo de campo que nace sen pretensión de converterse nun estudo de investigación rigoroso xa que, como sinalan as propias creadoras do traballo, "non pretendemos que se vexan como datos oficiais ou cientificamente válidos, senón máis ben coma unha sondaxe entre un grupo moi determinado de xente nova que nos permita facernos unha idea ou formularnos unhas posíbeis hipóteses sobre como pensan a respecto do xénero os adolescentes do municipio".


Deste xeito, e malia que as respostas non son concluíntes, as alumnas do curso de Promotoras de Igualdade da Muller apuntaron que "si que se percibe certa tendencia sexista entre os mozos que participaron no noso traballo". Unha conclusión que se extrae das respostas a moitas das cuestións formuladas e que reflicten que un 20% dos rapaces consultados considera que, en xeral, o home é superior á muller e por iso debe protexela. Unha afirmación que unicamente apoia o 3% das rapazas, unha porcentaxe que, non obstante, é considerada rechamante polas promotoras de Igualdade. Ademais, o 27% deles e o 12% delas pensan que é normal que entre homes se fale "dunha forma máis bruta", e o 22% dos rapaces mantén actitudes tan sexistas como que o home se desenvolve mellor na rúa e a muller na casa. Un punto no que coincide o 7,6% das mozas consultadas.

No ámbito de comportamentos, o 60% dos mozos asegura ter sentido ciúmes e o 21% espiou o móbil da súa parella. Pola súa parte, o 17,5% das rapazas asegura que recibiu críticas pola súa roupa ou maquillaxe por parte das súas parellas e o 13% apunta que aos seus noivos lles desagrada que pase tempo con outros amigos ou coa súa familia. Así mesmo, un de cada cinco rapaces consultados reconece que insulta e berra á súa parella cando discuten e un de cada tres irritase se a súa parella non lle dá a razón en público. En cuestións de violencia, un 3% das adolescentes asegura que recibiu un golpe algunha vez. Idéntica porcentaxe ao de rapaces que reconece que maltrataron fisicamente ás súas parellas.

Uns datos, sen dúbida preocupantes, dos que as elaboradoras da sondaxe extraeron como principal conclusión que as mozas teñen un ideal de parella máis igualitario, aspirando a un maior respecto da súa propia independencia, mentres que os rapaces aspiran a manter relacións baseadas nos estereotipos de xénero. E para mellorar esta situación estas mulleres propoñen "non só traballar na escola, onde se está a facer unha gran labor con proxectos de coeducación cun profesorado moi involucrado, sino que sería necesario traballalo de forma transversal, en todos os ámbitos da vida e moi especialmente no ámbito familiar, para contribuír á construción social da igualdade entre homes e mulleres".


21. - ATRAPADA NO ESPELLO

Lede esta novela de Gemma Lienas, *Atrapada en el espejo* e analízade a suposta normalidade da vida desta muller maltratada psicolóxicamente polo seu home. Demandade na biblioteca do voso centro que se cree, se é que non existe aínda, unha sección de temas de xénero, con especial atención a recursos para previr a violencia contra as mulleres, guías para mozas/os adolescentes sobre relacións afectivas, e novelas que axuden a identificar as situacións de maltrato.



22- VIÑETA

Comenta esta viñeta de Máximo. Busca na obra deste debuxante e outros como El Roto, Forges, viñetas que denuncien os malos tratos contra as mulleres e coméntaas na clase. Valorade moi especialmente a capacidade de expresar tanto “con tan pouco”, e compáraa coa obra de outros debuxantes que seguen a reproducir os máis burdos estereotipos sobre as mulleres. Analiza o compromiso e a ideoloxía e a súa relación coas obras dos e das artistas.



ANEXO 1:

MULLERES ASASINADAS EN ESPAÑA POR VIOLENCIA MACHISTA en 2008

FONTE: Rede Feminista e Diarios locais: —Ano 2008 até 15 de Outubro: 63 mulleres mortas (algunhas delas en investigación aínda)

1. 04/01/2008 Málaga (Coín): Asasinada unha muller pola súa parella en Coín o día do seu aniversario.
2. 06/01/2008 Alacante (Torrevieja): Asasinada unha muller, degolada polo seu compañeiro de 26 anos.
3. 07/01/2008 Xirona (Salt): Unha muller morre ao caer dun 2º piso tras unha discusión.
4. 18/01/2008 Madrid (Alcalá de Henares): Un home mata á súa parella e ao fillo desta.
5. 18/01/2008 Navarra (Iruña): Un home asasina á súa parella de 20 anos de idade.
6. 21/01/2008 Murcia (Los Alcázares): Asasina á nai da súa compañeira ao mediar ao seu favor.
7. 22/01/2008 Madrid (Alcalá de Henares): Un home queima viva á súa noiva de 20 anos.
8. 25/01/2008 Murcia: Asasina á súa muller a puñaladas e lévaa no coche á comisaría.
9. 31/01/2008 Pontevedra (Cangas de Morrazo): Estrangula á súa esposa de 61 anos.
10. 04/02/2008 Guadalaxara: Unha muller de 44 anos apuñalada polo seu home, xa denunciado.
11. 07/02/2008 Madrid: Un mozo de 19 anos lanza á súa noiva, de 20, desde un 5º piso.
12. 09/02/2008 Valencia (Chestre). Un home mata á súa muller de 44, e entérraa no seu horto.
13. 14/02/2008 Madrid (Arganda del Rey). Un home mata a puñaladas á súa muller .
14. 15/02/2008 Tenerife (Adeje). Un home mata a puñaladas á súa muller, á súa filla e ao seu fillo.
15. 26/02/2008 Madrid. Un home mata a puñaladas á súa noiva de 22 anos.
16. 26/02/2008 Cádiz (Porto de Santa María). Un home mata a puñaladas á súa ex-muller.
17. 26/02/2008 Valencia (Cullera). Mata á súa ex-muller na terraza dun bar.
18. 26/02/2008 Valladolid. Tirotea á súa ex-muller desde a xanela.
19. 02/03/2008 Barcelona (Iqualada). Muller asasinada, abandonada perto dun hospital.
20. 05/03/2008 Burgos (Aranda de Duero). Muller queimada dentro da súa vivenda polo home.
21. 14/03/2008 Almería (Albox). Muller asasinada polo seu home, policía local.
22. 14/03/2008 Tarragona. Muller de 27 anos apuñalada polo home que a acosaba sentimentalmente.
23. 22/03/2008 Alacante (Xixona). Muller de 42 anos morta polo seu home recén saído da cadea por maltrato.
24. 30/03/2008 Salamanca (Cidade Rodrigo). Muller de 45 asasinada por un home que a acosaba sentimentalmente.
25. 2/04/2008 Madrid. (San Sebastián de los Reyes). Muller de 37 anos apuñalada pola súa parella.
26. 08/04/2008 Huesca (Fraga). Muller morta tras caer pola xanela.
27. 10/04/2008 Guadalaxara (Alovera) Mata á súa ex-muller e ao compañeiro desta e suicídase.
28. 22/04/2008 Alacante (Pilar de la Horadada). 18 anos, maniatada e tirada nunha balsa con pesos para que non flotara.

29. [30/04/2008 Málaga \(Alhaurín de la Torre\) Muller atopada aboiando na súa piscina.](#)
30. [10/05/2008 Cádiz \(Xerez da Fronteira\). Degolada pola súa ex-parella de 77 anos.](#)
31. [10/05/2008 Zamora. Degolada polo seu home, de 43 anos.](#)
32. [12/05/2008 Alacante \(Benidorm\). Morta ao caer desde o piso 12, denunciara ao seu marido 18 días antes.](#)
33. [20/05/2008 Barcelona \(Sabadell\). Muller asasinada a tiros ao día seguinte do divorcio.](#)
34. [6/06/2008 Logroño . Muller de 27 anos estrangulada.](#)
35. [16/06/2008 Xirona \(Empuriabrava\). Muller de 30 anos asasinada.](#)
36. [22/06/2008 Barcelona \(Vilanova del Camí\). Muller apuñalada. Marido detido como presunto autor.](#)
37. [22/06/2008 Córdoba \(Carcabuey\). Muller de 81 estrangulada polo seu home de 77.](#)
38. [28/06/2008 Madrid \(Las Rozas\). Muller de 28 asasinada polo seu ex-noivo.](#)
39. [07/07/2008 Navarra \(Orondritz\). Muller de 20 anos asasinada o día de San Fermín.](#)
40. [11/07/2008 Murcia \(Yecla\). Muller de 39 e as súas fillas de 4 e 6 anos apuñaladas polo marido e pai.](#)
41. [14/07/2008 Madrid \(Ciempozuelos\). Degolada pola súa ex-parella.](#)
42. [21/07/2008 Barcelona \(Torre de Claramunt\). Muller de 40 anos asasinada en Barcelona pola súa parella.](#)
43. [28/07/2008 Logroño. Desterrado, avisando antes e procesado... e aínda así logrou matar á súa ex-muller de 48 anos.](#)
44. [05/08/2008 Xirona \(Figueres\) Mata á su ex-parella de 20 anos.](#)
45. [05/08/2008 Barcelona. Home de 26 anos mata á súa parella actual, de 50 anos.](#)
46. [06/08/2008 Asturias \(Xixón\). Aparece estrangulada a muller desaparecida 7 días antes.](#)
47. [07/08/2008 Salamanca \(Villamayor de la Armuña\). Mozo de 19 anos mata á súa noiva de 18.](#)
48. [16/08/2008 Álava \(Baños de Ebro\). Muller degolada presuntamente polo seu home.](#)
49. [18/08/2008 Tenerife \(San Miguel de Abona\). 26 anos, apuñalada. Dispuña de protección policial.](#)
50. [18/08/2008 Pontevedra \(Vigo\). Asasinada a ladrillazos diante dos fillos.](#)
51. [19/08/2008 Valencia \(Ontinyent\). Asasina á súa parella e suicídase posteriormente.](#)
52. [31/08/2008 Madrid. Muller de 53 anos asasinada presuntamente polo seu marido.](#)
53. [14/09/2008 Mallorca \(Marratxi\). Muller de 28 anos asasinada a golpes pola súa parella.](#)
54. [16/09/2008 Barcelona \(L`hospitalet de Llobregat\). Mata á súa ex-muller e fere gravemente ao seu fillo.](#)
55. [22/09/2008 Valladolid \(Pedrajas de San Esteban\). Muller de 42 anos apuñalada polo seu marido.](#)
56. [23/09/2008 Madrid \(Villanueva de la Cañada\). Muller de 66 anos degolada polo seu marido.](#)
57. [27/09/2008 Valencia. Muller de 35 anos apuñalada polo seu ex-marido.](#)
58. [28/09/2008 Málaga \(Nerja\). Muller de 25 asasinada pola súa ex-parella, con 15 puñaladas.](#)
59. [29/09/2008 Valladolid. Muller, 22 anos, enterrada dentro dunha maleta.](#)
60. [1/10/2008 Granada. Muller de 35 anos asasinada. A súa parella, presunto asasino, suicídase.](#)
61. [1/10/2008 Murcia \(Alcantarilla\). Mata á súa parella e fere gravemente a unha amiga que a acompañaba.](#)
62. [5/10/2008 Biscaia \(Santurtzi\). Mata á súa parella de 26 anos, encontrada maniatada no seu piso.](#)
63. [14/10/2008 Granada \(Motril\). Asasinada cunha serra circular por ex-garda civil.](#)